



Hixiene alimentaria para manipuladores de alimentos

1. Denominación do curso (nome do expediente): Hixiene alimentaria para manipuladores de alimentos.

2. Contidos:

Formación común (3 horas):

- Obxectivos da formación en manipulación de alimentos.
- Antecedentes.
- Conceptos importantes a ter en conta.
- A pirámide dos alimentos.
- As funcións dos alimentos.
- Necesidades alimentarias da poboación.
- Información importante para os consumidores: o etiquetado.
- Trazabilidade e seguridade alimentaria.
- Perigos nos alimentos (microbiolóxicos, físicos, químicos). Riscos asociados aos mesmos. Medidas preventivas para minimizar ou eliminar estes riscos.
- Principais enfermidades que poden ser vehiculadas polos alimentos.
- Factores contribuíntes máis frecuentes na aparición das enfermidades vehiculadas polos alimentos e as medidas necesarias para a súa prevención.
- Prácticas correctas de hixiene e manipulación dos alimentos. Condutas hixiénicas positivas.
- Sistemas de autocontrol baseados nos principios da análise de perigos e puntos de control críticos (appcc).

Formación específica actividade laboral de AUXILIAR DO SECTOR DE ALIMENTACIÓN E COMERCIO (1 hora):

- Sector Industrias de Alimentación – Normativa
 - Riscos xerais maquinaria – alimentación.
 - Orde e limpeza – alimentación.
 - Emerxencias na industria.

- Sector Comercio. Normativa alimentación.

Formación específica actividade laboral de AUXILIAR DO SECTOR DE HOSTALARÍA (1 hora):

- Sector restauración e hostalaría. Normativa Restauración


3. Horas totais do curso: 5

4. Lugares de Celebración: No centro municipal de formación, na Gándara.

5. Datas previstas do curso: O 11 de decembro de 2019.

6. Horario previsto: De 9:00 a 14:00 horas.

7. Nº de prazas: 20.



NARÓN

O concello resérvase a posibilidade de anular este curso, no caso de que non se cubra o 60% da participación prevista.

Reservarase un 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario.

8. Requisitos xerais do alumnado: Maior de 18 anos, desempregado e empadroadado no Concello de Narón. O requisito de idade ten que cumprirse o día de inicio do curso. O empadroamento verifícase polo Concello o último día de prazo de presentación de solicitudes. O requisito de desempregado acreditarase coa tarxeta de desemprego actualizada no día de inicio de curso.
9. Lugar de presentación das solicitudes: Rexistro Xeral do Concello de Narón, Sede Electrónica, e polos restantes medios contemplados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
10. Prazo de presentación das solicitudes: Desde o 26 de novembro, ás 8:30 horas ata o 3 de decembro de 2019, ás 13:30 horas.

A presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello de Narón faranse no horario do Rexistro Xeral (8:30 - 13:30 horas).

11. Selección do alumnado Por rigorosa orde de inscrición no rexistro, sempre que existan máis solicitudes que prazas. Reservarase o 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario por orde de inscrición. Poderanse admitir solicitudes fóra de prazo, sempre que existan prazas vacantes.
12. Unidade Tramitadora: Servizo Sociocomunitario.

Para máis información, na sección de Servizos, Formación a Actividades Municipais da páxina web do Concello, ou contactar co Servizo Sociocomunitario, no teléfono 981.33.77.00, extensión 1108 e 1109.

13. Observacións: Publicarase na sede electrónica o listado provisional de persoas admitidas, suplentes e excluídas. O prazo de reclamacións contra o listado provisional será de 24 horas dende a súa publicación na sede electrónica, e deberán efectuarse a través de instancia xenérica nos lugares sinalados para a presentación de solicitudes. Coa publicación da listaxe definitiva na sede electrónica se entenderán resoltas todas as reclamacións.

O alumnado seleccionado será informado telefonicamente da súa admisión.

O alumnado terá que comprometerse a cumprir as normas do curso.

Acción formativa realizada en colaboración co departamento de Sanidade do IES Leixa-Ferrol

14. Información sobre a documentación: As persoas admitidas no curso terán que entregar o día de inicio do curso (no Centro Municipal de Formación) o DNI e a tarxeta actualizada como demandante de emprego. De non acreditarse o cumprimento dos requisitos esixidos causarán baixa no curso.